## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: ACONDICIONAMENTO DO TRAMO INTERIOR DA MURALLA ROMANA. TRAMO RUA VIA ROMANA. ACTUACION INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) SUSCEPTIBLE DE RECIBIR O 80% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 10UR3105 URBAN Paseo interior da muralla. Expediente 17/2015. APERTURA DE OFERTAS ECONÓMICAS (SOBRES B) E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**

Sendo as 13:15 horas do día 21 de agosto de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei e actuando como vocais:

- Pablo Fuentes Faílde, Xefe do Servizo de Enxeñería.
- Ana Isabel Saez Mancebo, Letrada Asesora da Asesoría Xurídica.
- Marcial Rodríguez Toajas, Inteventor Xeral Municipal
- Manuel Louzao Aldariz, Técnico do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, actuando como secretario.

Asiste así mesmo dona Carmen Vázquez da APEC e don Brais García de Copcisa.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte do Secretario a informar que todas as empresas ás que se lles dera un prazo para subsanar a documentación administrativa, xa o fixeron, polo que todas as empresas presentadas son admitidas á licitación.

De seguido procédese á apertura dos sobres correspondentes ás ofertas económicas (sobres b), sendo o seu resultado o seguinte:

| EMPRESAS | OFERTAS PRESENTADAS |
|---|---|
| ASOGAL CONSTRUCCIONES S.L | 116.689,98 |
| DESMACO S.L | 112.481,87 |
| EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L | 118.238,95 |
| CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L | 119.568,72 |
| CONSTRUCCIONES RAFER S.L | 116.861,80 |
| CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L | 114.950 |
| PROYECON GALICIA S.A | 130.540,85 |
| CONSTRUCCIONES SANLE LUGO S.L | 106.411,85 |
| HEBLATRI S.L | 134.227,33 |
| EXCAVACIONES J. FERNÁNDEZ S.L | 125.372,71 |
| CONSTRUCCIONES BOALVA S.L | 127.343,89 |
| XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L | 114.046,31 |
| COPCISA S.A | 110.807,95 |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L | 114.687,72 |

| | |
|---|---|
| J. MAURI E HIJOS S.L | 117.753,98 |
| SERGONSA SERVICIOS S.L | 115.006,87 |
| ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L | 121.821,48 |
| CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L | 109.321,08 |
| CONSTRUCCIONES VILA RÍO MIÑO S.A. | 106.427,57 |
| DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS S.L. | 121.484 |
| CANARGA S.L | 119.521 |

Á vista do anterior e tendo en conta o disposto na cláusula décimo segundo do prego de cláusulas administrativas particulares, que regula os criterios de adxudicación, que neste caso é o menor prezo o único criterio, así como as posibles ofertas anormais ou desproporcionadas, por parte dos membros da Mesa procedeuse á calcular as porcentaxes de baixa das ofertas presentadas, así como a media aritmética de todas elas, observando que ningunha das ofertas se atopa incursa en ser considerada anormal ou desproporcionada, polo que se propón adxudicar a presente obras á oferta máis baixa, isto é, a da empresa **CONSTRUCCIONES SANLE LUGO, S.L.**, na cantidade de **106.411,85 €, IVE incluído**, debendo requirírselle para que, nun prazo de 10 días hábiles, presente a documentación sinalada na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas, así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:45 horas do día sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

Asdo.: Xosé M. Cao Rei

O SECRETARIO

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz